

---

## **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE SITUACIÓN DO CONTRATO E A DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de elaborar unha auditoría detallada do primeiro ano do contrato en tanto que servizo público de titularidade municipal.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Durante o anterior mandato municipal o Concello de Santiago duplicou o orzamento do SAF -pasando de 1 a 2 millóns anuais- e marcouse a liña e evolución do que debería ser un auténtico servizo público de calidade. Así, incorporáronse unha serie de melloras de forma obrigatoria que, ata aquel momento, eran cuestións optativas que podían ou non ofertar as empresas. Obrigando ás adxudicatarias a pór a disposición do servizo camas articuladas, guindastres con arneses e colchóns antiescaras para persoas con mobilidade reducida. Incorporando 4 prazas residenciais para a súa utilización polo Concello nos supostos de urxencia; incorporando os servizos de perruquería, podoloxía e limpeza de choque pasaron a ser de prestación obrigatoria no servizo. Tamén se estableceu que na prestación do servizo non haxa máis de 2 auxiliares cun mesmo usuario ou usuaria.

Ademais, garantizouse a posibilidade de incrementar as horas de servizo nun 40% no caso de que a Xunta dera novas altas de persoas usuarias, algo que non estaba recollido no contrato anterior. Ademais, foi un dos primeiros contratos en incorporar as cláusulas sociais na contratación pública. Deste xeito, o goberno de Compostela Aberta iniciou un camiño que ata aquel momento non era habitual nos servizos de contratación municipais, para primar a calidade e non só o prezo na contratación pública no Concello de Santiago.

Nas diferentes negociacións de orzamento no vixente mandato, Compostela Aberta sempre solicitou continuar con esta liña e aumentar progresivamente o orzamento do contrato do SAF e tamén fixo un acompañamento da situación das traballadoras e da atención das súas demandas, así como de que non se perderan conquistas ou dereitos laborais adquiridos con anterioridade.

Así, no pleno de Outubro de 2020 presentabamos unha proposición para que o goberno local establecera canles de interlocución coas traballadoras e así poder coñecer e dar resposta ás súas demandas, ademais de que o contrato novo contara coa suficiente dotación orzamentaria para incorporar as súas demandas.

Tan só uns meses despois, en marzo do 2021, tamén no Pleno ordinario, solicitamos que o goberno local lle exixira á empresa adxudicataria do servizo a elaboración dun Protocolo con medidas de seguridade e protección preventivas para as traballadoras. Unhas medidas cuxo obxectivo debería ser o de organizar mellor a atención domiciliaria de acordo coa avaliación dos riscos e as súas características. Un protocolo, en definitiva, que permitira proporcionar ás traballadoras pautas de actuación sobre medidas hixiénicas, dispositivos de limpeza, material de uso (batas desbotables, luvas...) ventilación, etc. no traballo diario de atención e coidados nos domicilios.

Xa máis recentemente, a finais do pasado ano 2021, no mes de decembro levamos ao Pleno unha moción para dar o apoio do Pleno da Corporación ás traballadoras do SAF en toda Galicia, nun momento no que se estaba a reclamar un novo convenio colectivo. Unhas traballadoras que atenden a máis de 25.000 persoas dependentes, a pesar de soportar unhas condicións indignas nun servizo social tan importante. Levan anos loitando porque se lles escoite, mais observan con frustración como pasan os anos e as súas reivindicacións seguen esquecidas por parte das empresas e, o que é máis grave aínda, das administracións públicas. Nun momento no que xa van máis de 10 anos sen renovación do convenio colectivo, sendo o último asinado no 2009 para o período 2009-2011, unha situación que é intolerable. A Patronal do sector non só relantiza as negociacións para un novo acordo senón que incumpre sistematicamente este convenio xa obsoleto.

E hai tres meses, no Pleno de marzo do 2022, preguntámoslle á concelleira delegada sobre a situación das traballadoras do SAF vinculadas ao servizo municipal dependente do Concello de Santiago, ás que daquela aínda non se lles facilitaran as tarxetas de estacionamento, nin se lles aplicara a subida salarial equivalente ao IPC de 2021, e no caso de ser consciente desta problemática, que medidas pensaba tomar para resolvelas e en que prazo de tempo o faría.

Pois, pasan os meses e o goberno local continúa na súa desidia e inacción, unha vez que xa abandonou a pasividade total xa que agora, polo menos, escoitan ás traballadoras dun servizo público e municipal aínda que sexa en réxime de concesión. Continúa a problemática das autorizacións de estacionamento en zona verde de residentes e/ou zona azul da ORA, onde o Concello non dá información clara e precisa sobre os permisos para aparcar ou non, e onde xa chegaron as primeiras multas.

Continúa sen aplicarse correctamente a suba do IPC que para este ano debería ser do 6,5%. Ata o mes de Abril non cobraron ningunha suba e neses mes de forma acumulada dende xaneiro, subíronlles un 3,1%, sen ter información algunha do resto da subida. Ademais de que a suba do IPC esta a empresa aplicouna desde o seu salario base, sen contar co complemento de antigüidade como tal e como debería ser.

Existe tamén unha problemática coa bolsa de horas trimestral, de forma que, se por motivos dos usuarios non fan as horas da súa xornada laboral, a empresa non chama ás traballadoras para recuperalas e acaban descontándollas das súas xa reducidas nóminas.

O problema de contabilización das horas, ademais, é aínda máis complexo, posto que a empresa non contabiliza sempre correctamente as horas sindicais ou as horas de formación. Ao anterior úneselle o incumprimento do convenio colectivo xa que non se está chamando, para cubrir horas, á xente con máis antigüidade que non ten xornada completa, senón que se está a contratar xente nova.

E por se todo o anterior non fose xa máis que suficiente as novas coordinacións, que aparecen no novo contrato, agora mesmo só coordinan usuarios mais non traballadoras, polo que estas non saben moi ben a que coordinadora contactar ou de cal dependen pois, en numerosas ocasións, nin lle atenden ao teléfono cando as chaman para resolver incidencias. Para agudizar o caos organizativo ata o momento, as reunións periódicas coas coordinadoras son inexistentes, e ademais as poucas que houbo esporádicas tiveron que afrontalas en horas de lecer e non en horas laborais, como correspondería.

Por outra banda, hai unha queixa unánime do colectivo de traballadoras do servizo de axuda no fogar relacionado co contido das tarefas que se lles está mandando realizar, porque na actualidade estase a primar a limpeza dos fogares sobre a atención ás persoas. As traballadoras do SAF teñen encomendado un labor específico de tipo preventivo: colaborar no mantemento da persoa usuaria na súa contorna habitual, previr o risco de marxinação, illamento ou abandono, previr a progresiva deterioración das familias, paliando déficits persoais, neste sentido, as tarefas a realizar están relacionadas con dar compañía para evitar situacións de soidade e illamento; apoio e acompañamento na realización de trámites administrativos, sanitarios, etc.; desenvolvo de autoestima, valoración de si mesmo e os hábitos de coidado persoal e axuda na realización de tarefas domésticas. Agora ben, as traballadoras do servizo no fogar están sendo obrigadas a realizar constantemente tarefas de limpeza de choque e servizos de limpeza especial cando esas tarefas non as contempla o convenio e corresponden a empresas especiais de limpeza; e vense obrigadas a destinar máis tempo da súa xornada a funcións domésticas como limpeza de azulexos ou fiestras, en prexuízo da atención ás persoas. Ademais, por saúde laboral o persoal do SAF debe entrar a traballar nos domicilios en condicións axeitadas de salubridade e hixiene.

Por todo o anterior, e para solucionar a situación das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Santiago e polo tanto mellorar a calidade do mesmo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

**En tanto que servizo público da súa titularidade, corresponde ao Concello de Santiago a dirección, fiscalización, avaliación e control do servizo de axuda no Fogar, por este motivo, o Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno local a:**

1. Elaborar unha auditoría detallada do primeiro ano do contrato para pór a disposición dos grupos municipais e da representación sindical das traballadoras, así como da cidadanía en xeral -a través do portal de transparencia- na que se informe da calidade da prestación do contrato ata agora e nomeadamente no relativo ás cláusulas 5: organización do servizo, 6: recursos humanos, 7: medios materiais, 8: axudas técnicas e servizos complementarios, 9: calidade do servizo, seguimento e avaliación.
2. Que na mencionada auditoría se faga especial fincapé nas reclamacións e reivindicacións das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, que se comprobe o cumprimento do convenio colectivo -no relativo a subidas de IPC, complemento de horas e contratación de novo persoal, e todo o relativo ao recoñecemento de dereitos laborais- e que sexa cotexada e contrastada coa representación sindical das mesmas, para posteriormente tomar as medidas oportunas e solucionar as mesmas.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

  
Marta Lois González  
GRUPO MUNICIPAL

  
Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**